

Estaba nun bosque que non coñecía. Draco non entendía nada, xa non estaba enfadado, pero sentiase triste e quería volver á súa casa. Achegóuselle unha rapaza e díxolle:

- Ola! Benvido ao bosque Aloia, eu son a fada Andreia, e ti quen es?

Draco mirouna con desconfianza, reparando por primeira vez en que tiña ás, e contestoulle:

- Eu son Draco, e non entendo que fago aquí... estaba no meu castelo, pero pechei os ollos e aparecín aquí.

- Ninguén aparece neste bosque por casualidade... Que estabas facendo cando pechaches os ollos?

Draco baixou a vista, un pouco avergoñado:

- Estaba discutindo co meu amigo por un xoguete.

- Xa entendo! E iso pásache moi a miúdo?

- Non... Boh! Si, ás veces... Pero é que non o podo evitar! Cando me enfado súbeme esa calor por todo o corpo, e boto lume pola boca. É o que facemos os dragóns, non?

- Si, os dragóns podedes botar lume pola boca, pero se che sae cando estás enfadado pódelle facer dano a alguén ou queimar algo.

- É verdade... O meu amigo non estaba cerca, pero o meu boneco si... Ai, seguro que o chamusquei! Eu non quero queimar os meus xoguetes nin facerlle dano aos meus amigos. Que podo facer?

- Para iso estás aquí, para que non volva ocorrer. Vouche axudar a entender por que reaccionas así, e atoparemos a maneira de que non pase de novo. Para empezar, creo que deberías coñecer ao meu amigo Sabio.

